
Normativa dos traballos en altura

UNE-EN 353-1:2002. Equipos de protección individual contra as caídas de altura. Parte 1: dispositivos anticaídas esvaradías sobre unha liña de ancoraxe ríxida.

UNE-EN 353-2:2002. Equipos de protección individual contra as caídas de altura. Parte 2: dispositivos anticaídas esvaradías sobre unha liña de ancoraxe flexible.

UNE-EN 354-2002. Equipos de protección individual contra as caídas de altura. Elementos de amarre.

UNE-EN 355-2002. Equipos de protección individual contra as caídas de altura. Absorbedores de enerxía.

UNE-EN 358-2000. Equipos de protección individual para a suxeición en posición de traballo e prevención de caídas de altura. Cinto para a suxeición e retención e compoñentes de amarre de suxeición.

UNE-EN 360-2002. Equipos de protección individual contra as caídas de altura. Dispositivos anticaídas retráctiles.

UNE-EN 361-2002. Equipos de protección individual contra as caídas de altura. Arnese anticaídas.

UNE-EN 362-1993. Equipos de protección individual contra as caídas de altura. Conectores.

UNE-EN 363-2002. Equipos de protección individual contra as caídas de altura. Sistemas anticaídas.

UNE-EN 365-1993. Equipos de protección individual contra as caídas de altura. Requisitos xerais para as instrucións de uso e marcación.

UNE-EN 564-1997. Equipos de alpinismo e escalada. Corda auxiliar. Requisitos de seguridade e métodos de ensaio.

UNE-EN 567-1997. Equipos de alpinismo e escalada. Bloqueadores. Requisitos de seguridade e métodos de ensaio.

UNE-EN 795-1997. Protección contra as caídas de altura. Dispositivos de ancoraxe. Requisitos e ensaios.

UNE-EN 795-A-1-2001. (1.ª revisión da anterior). Protección contra as caídas de altura. Dispositivos de ancoraxe. Requisitos e ensaios.

UNE-EN-892-1997. Equipos de montañismo. Cordas dinámicas. Requisitos de seguridade e métodos de ensaio.

UNE-EN 1891-1999. Equipos de protección individual para a prevención de caídas dende unha altura. Cordas trenzadas coa funda, semiestáticas.

Servizo de Prevención de Riscos Laborais

Edificio Isaac Newton
Campus Universitario
36310 Vigo

Tel. 986 813 605
Tel. 986 814 088
Fax 986 813 427

sprl@uvigo.es
sprlformacionesaude@uvigo.es

Campaña de prevención de Riscos Laborais 2012

Xornada I: Traballos en Altura

Matrícula gratuita

Universidade de Vigo

Servizo de Prevención
de Riscos Laborais

Traballos en altura

Considéranse traballos en altura todas as operacións que se realizan por riba do nivel do chan e que, polo tanto, supoñen unha diferenza de nivel entre o punto de apoio da persoa traballadora e o seu contorno. Esta diferenza pode darse ben por efectuar traballos en altura superiores aos dous metros (edificios, estadas, plataformas etc.), ben por efectuar traballos en profundidade (escavacións, pozos etc.).

Os riscos dun traballo en altura dependerán fundamentalmente de:

- O espazo de traballo
- A tarefa que se vai realizar
- As medidas de protección
- O estado ou preparación da persoa

Existen unha serie de equipos de traballo que son os máis habituais e cada un deles segue diferentes normas de prevención.

ESCADAS (*simples, extensibles e dobres*)

Antes do seu uso hai que comprobar que se atopen en bo estado.

SIMPLES

- Deben apoiarse nun lugar fixo e sobresaír, polo menos, un metro do lugar onde se pretende chegar.
- Hai que subir e baixar sempre de fronte e apoiándose coas mans.
- A escaleira debe apoiarse contra a parede formando un ángulo de 75º con respecto ao chan.
- É obrigatorio que estean provistas de zapatas antiesvaradías no seu pé ou ganchos de suxeición na parte superior.
- Nunca se debe pintar (salvo con verniz transparente) e estar ben limpa de toda materia esvaradía.



TIPO DOBRE

- Teñen que apoiarse sobre chans estables, con superficie sólida e fixa e non usar nunca o último chanzo nin pasar dun lado cara ao outro da escada pola súa parte superior.
- Deben estar equipadas con cadeas ou cables que impidan a súa abertura ao utilízalas.



EXTENSIBLES

- Non se pode desprazar cando está estendida nin pór as mans en sentido descendente.
- Non se poden modificar os toques ou encravamentos.
- Hai que revisar todos os dispositivos de seguridade.



ESCADAS SIMPLES

- Débese comprobar a estabilidade e resistencia. Que a superficie de apoio sexa axeitada, uniforme e estable.
- Hai que prohibir o desprazamento mediante tracción mecánica con persoas traballadoras subidas á escada.
- Hai que coidar a área de influencia: caídas de obxectos ou golpes da escada por terceiros/as.

ESTADAS

A elección dunha determinada estada debe vir condicionada pola fácil adaptación ao traballo que se vai realizar, así como a seguridade para a persoa traballadora.

As medidas preventivas xerais serían as seguintes:

- O persoa cualificado fará a montaxe e desmontaxe.
- As estadas asegúranse a puntos fortes de seguridade para evitar movementos indesexables.

- As rodas das estadas deberán bloquearse antes do seu uso.
- Deberá verificarse a ausencia de traballadores antes de desprazar a estada.
- Todas aquelas plataformas situadas a máis de dous metros de altura disporán de balaustrada anticaída de 90 cm., listón intermedio e rodapé.
- As estadas apoiaranse sobre unha superficie firme e sólida. Nunca deberán apoiarse sobre pilas de materiais. A anchura mínima da plataforma de traballo deberá ser de 60 cm.
- Cando a plataforma de traballo opere por riba dos 3,5 m. empregárase un equipo de protección anticaída ou medidas de protección alternativas.
- Delimitar sempre a zona de traballo evitando o paso de persoal non autorizado.
- Non se deben realizar movementos bruscos, depositar pesos violentamente sobre as estadas nin sobrecargala plataforma de traballo.
- Non se debe traballar nas estadas exteriores con condicións climatolóxicas adversas (ventos, etc.).



TELLADOS E CUBERTAS

- Dependendo do caso, haberá que utilizarse os EPI'S ou protección colectiva (redes de seguridade, varandas,...).
- Nunca deben realizarse os traballos sobre as cubertas sen compañía.
- Examinar detidamente a cuberta para coñecer-lo seu estado. Non traballar cando sopre un vento superior a 50 km/h.
- Usalo arnés a puntos fixos e estables.
- Usalo calzado adecuado antideslizante.
- Evitar desprazarse con carga nas mans.
- Estas condicións, que agravan os riscos derivados do traballo en altura, deben ser controladas mediante as instrucións precisas ou coa utilización de EPI'S cando de outra forma non quede totalmente garantida a seguridade do traballador.